

EXAME KANT EXEMPLO Nº1

PREGUNTA 2 APROXIMACIÓN Á FILOSOFÍA (3 PUNTOS)

Tendo en conta afirmacións como: «**Pois ben, todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente.**», explique o problema fundamental na cuestión: A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

Tendo en conta afirmacións como: «**A moralidade é, pois, a condición unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo.**», explique o problema fundamental na cuestión: A ética formal en Kant: o imperativo categórico.

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIÓNS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun xornal. O redactor xefe da sección de internacional, coñecedor dos seus coñecementos filosóficos, entrégalle a seguinte noticia de actualidade e pídelle que prepare un **artigo de opinión**. Vostede recorda a filosofía de Kant e o director solicítalle que utilice os conceptos de fenómeno, noúmeno e xiro copernicano para redactalo. Relaciónelos coa noticia e elabore ese artigo divulgativo co título: «**IA realidade á carta: o fin da obxectividade na era do algoritmo**».

Extensión máxima: 20 liñas. (2 puntos)

noticia

A Intelixencia Artificial está a redefinir a nosa relación co que consideramos "real". Xa non somos meros observadores dunha contorna obxectiva; agora, os algoritmos constrúen unha realidade deseñada para encaixar nos nosos esquemas mentais. Este cambio de paradigma pon ao usuario no centro, facendo que o mundo exterior se adapte aos nosos preconceptos e non ao revés.

Nas pantallas, o que consumimos é unha representación perfecta, unha superficie fluída que os nosos sentidos aceptan sen dubidar. Porén, tras esa máscara de realismo non hai materia, senón un tecido invisible de datos e cálculos matemáticos inaccesibles para a experiencia humana. O perigo radica en confundir esa aparencia calculada coa esencia das cousas. Ao final, habitamos un escenario de espellos onde a verdade física queda sepultada por unha imaxe feita á nosa medida, privándonos de calquera contacto co que existe máis alá do código.

A realidade á carta: o fin da obxectividade na era do algoritmo

O que está a pasar cos algoritmos parece unha versión técnica do seu famoso xiro copernicano. Kant defendeu que non é o suxeito o que se adapta ao obxecto para coñecelo, senón que o obxecto debe adaptarse ás nosas propias estruturas. Na IA, o mundo que vemos xa vén "fabricado" para que a nosa mente o procese sen esforzo, coma se a realidade fose moldeada por nós. O que consumimos no móbil é o fenómeno, a realidade tal e como se nos presenta filtrada polos sentidos e a razón (ou, neste caso, polo código). Pero, que pasa co noumeno? Esa "cousa en si" que Kant dicía que era incognoscible pero que sostiña a existencia. Na noticia queda claro que, tras o vídeo hiperrealista, non hai unha verdade física, só matemáticas. Corremos o risco de vivir nunha burbulla de fenómenos perfectos, pero totalmente baleiros de contido real. Se perdemos de vista que hai un mundo nouménico máis alá da pantalla, estaremos aceptando unha razón artificial como a única posible. Kant advertiunos de que non vemos o mundo como é, senón como somos; hoxe, vémolo como o algoritmo quere.

EXAME KANT EXEMPLO Nº2

PREGUNTA 2. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)

Tendo en conta afirmacións como: «Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da experiencia.», explique o problema fundamental na cuestión: **Ilustración: os límites do coñecemento en Kant.**

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCÍONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun xornal. O redactor xefe da sección de internacional, coñecedor dos seus coñecementos filosóficos, entrégalle a seguinte noticia de actualidade e pídelle que prepare un artigo de opinión. Vostede recorda a filosofía de Kant e o director solicítalle que utilice os conceptos de dignidade, vontade, razón, imperativo categórico, imperativo hipotético, fin e medio para redactalo. Relaciónaos coa noticia e elabore ese artigo divulgativo co título: «**Autoridade ou dignidade**». Extensión máxima: 20 liñas. (2 puntos)

Denuncian a existencia de "granxas de mulleres" en India

Organizacións de dereitos humanos alertan sobre a existencia de centros en India onde mulleres pobres son explotadas como xestantes para familias ricas, tanto locais como estranxeiras. Estes lugares, coñecidos como "granxas de mulleres", operan baixo condicións precarias, cun control estrito sobre as embarazadas, que reciben só unha pequena parte dos beneficios das axencias de xestación subrogada.

A comercialización do ventre de alugueiro abre un debate ético: é un acto de liberdade ou unha forma de explotación? Críticos denuncian que a pobreza forza estas mulleres a vender o seu corpo, mentres que defensores argumentan que lles ofrece unha oportunidade económica. O goberno indio endureceu as leis en 2021, prohibindo a xestación subrogada comercial, pero a práctica continúa en redes clandestinas.

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCÍONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun xornal. O redactor xefe da sección de internacional, coñecedor dos seus coñecementos filosóficos, entrégalle a seguinte noticia de actualidade e pídelle que prepare un **artigo de opinión**. Vostede recorda a filosofía de Kant e o director solicítalle que utilice os conceptos de dignidade, vontade, razón, imperativo categórico, imperativo hipotético, fin e medio para redactalo. Relaciónaos coa noticia e elabore ese artigo divulgativo co título: **«Intelixencia Artificial e Moralidade: O Dilema da Responsabilidade»**. Extensión máxima: 20 liñas. (2 puntos)

“Recentemente, un coche autónomo implicouse nun atropelo mortal. A empresa fabricante asegura que o sistema seguiu os protocolos programados, pero as vítimas reclaman xustiza. Quen debe asumir a responsabilidade? O programador, que deseñou o algoritmo? O usuario, que confiou na máquina? Ou a propia IA, que tomou a decisión en milisegundos? O caso reabre o debate sobre os límites da tecnoloxía e a ética da automatización. As máquinas poden tomar decisións morais ou a responsabilidade recae sempre nos humanos?”